

Segunda entrega do **Dígocho Eu** meteorolóxico, e nela comezamos a aprender a interpretar un mapa do tempo. Pero non un deses con nubes e soles, senón deses que teñen tantas “raias”: os mapas de isóbaras.

As isóbaras son liñas de igual **presión**, que é o peso do aire, condición esta importante para empezar a determinar a estabilidade ou non do aire, xa que canto máis alta sexa a presión, anticiclón (a presión normal ao nivel do mar é de 1013 milíbares); máis posibilidades de estabilidade atmosférica; mentres que canto máis baixa sexa a presión, borrasca, máis probabilidades de inestabilidade haberá.

Pero ollo! Non pensemos que unha situación anticiclónica nos vai garantir por si soa sempre “bo tempo”.


A partir de aquí temos que ter en conta outros dous condicionantes:

- a) A componente ou **dirección** coa que o aire nos chega.
- b) **Factores xeográficos** como a latitude, a proximidade ao mar, a altitude, ou a orientación do lugar.

No caso da dirección, cando esta é do primeiro e segundo cuadrantes, é dicir, en xeral, do leste (norleste, leste ou surleste), en Galicia temos tempo estable, con matices segundo esteamos máis ao norte ou ao sur, máis na costa ou no interior, é dicir, en función dos factores xeográficos. Mentres que se temos unha compoñente atlántica, do terceiro ou cuarto cuadrantes, ou sexa, en xeral, do oeste (suroeste, oeste ou noroeste), en Galicia teremos inestabilidade, tamén con matices en función dos factores xeográficos.

Vexamos un exemplo práctico, o mapa isobárico correspondente ao xoves da pasada semana, día 18 de novembro (**figura A** –fonte: Meteogalicia-):

A



Tendo en conta os anteriores factores, vemos como Galicia se encontraba tal día en dominio do **anticiclón**, xa que era a isóbara dos 1024 mb (alta presión) a que nos cruzaba. Este sería o primeiro condicionante para ter bo tempo. Canto ao segundo condicionante, a **compoñente** ou dirección, hai que ter en conta que nos anticiclóns do Hemisferio norte o aire xira

no sentido das agullas do reloxo (frecha vermella), e nas borrascas no sentido contrario (frecha azul), borrascas que ese día circulaban polo Atlántico norte.

Ao través desa isóbara dos 1024 mb, xirando nela no sentido das agullas do reloxo, chegamos a Galicia desde o **leste**, ou máis en concreto surleste. É dicir, segundo factor de estabilidade. Canto ao condicionante dos **factores xeográficos**, cando unha masa de aire, como a desta situación, non nos chega desde o mar, senón ao través de moitos quilómetros de terra, neste caso toda a Península ibérica, as condicións coas que nos chega esa masa de aire son de sequedade. Outra maneira de dicilo é que a compoñente é contraria á **orientación**, no caso de Boiro, suroeste. Terceiro factor de estabilidade polo tanto.

E efectivamente, o pasado xoves 18 de novembro, como toda a semana do 15 ao 21, tivemos bo tempo, ao se manter toda ela este tipo de situacións.

B



Na **figura B** (fonte: Meteogalicia), vemos a situación deste mércores 24 de novembro. Nela podemos observar, en comparación coa figura A, como o **anticiclón**, moi potente (1048 mb no seu centro) se sitúa máis ao noroeste, no Atlántico norte, cunha presión sobre nós entre os 1016 e os 1020 mb, menor polo tanto á do caso A, deixando deste xeito máis libre o camiño

cara nós ás baixas presións que se sitúan entre Escandinavia e o Mediterráneo.

En función desta situación, ata hoxe venres, as temperaturas máxima e mínima rexistráronse na estación de Cespón, sendo respectivamente de 14 e 7°. As máximas foron máis baixas que no caso da primeira entrega do *Digocho Eu meteorolóxico*, debido á compoñente norte que nos afectou (se xiramos na curvatura anticiclónica como as agullas do reloxo, chegamos a Galicia polas isóbaras dos 1016 e 1020 mb desde altas latitudes). En cambio as mínimas foron algo máis altas debido á maior humidade no seo do aire ante a maior influencia das baixas presións, característica que impide unha perda de calor nocturna tan forte como na situación A. A maior humidade provoca loxicamente unha maior cuberta nubosa, de xeito que o nivel de insolación foi mínimo o mércores con 0,6 horas de sol; o día máis soleado foi martes con 5,7 horas. A pesar desta maior inestabilidade do caso B, a **compoñente** norte resta nivel de precipitación na nosa comarca, só se rexistraron 5 l/m² na madrugada do xoves, tanto na estación de Meteogalicia de Cespón, como na da Aemet do colexio. Nelo interveñen os **factores xeográficos**, o relevo, que nos deixa en posición de abrigo respecto dos fluxos procedentes do norte. Todo o contrario sucede coas compoñentes máis atlánticas do oeste e suroeste, que teremos oportunidade de analizar.

A nivel de toda **Galicia**, foi ao contrario que na Barbanza, situación moi chuviosa no norte, chegándose luns aos 80 l/m² en Abadín, no tránsito entre A Terra Cha e A Mariña. Tamén neste sector se rexistraron fortes refachos de vento, o máximo martes con 105 km/h en Muras, mentres o maior refacho rexistrado en Boiro foron os 49 km/h do luns na estación de Cespón. Canto ás temperaturas, a máxima da semana deuse martes en Pontearreas, con 17°, mentres a mínima rexistrouse na montaña ourensá, na estación de Xares, en A Veiga, a 1716 m de altitude, con -5°.

Cara a **fin de semana**, prevese un aumento da inestabilidade ao se pór a compoñente do noroeste, é dicir, algo máis atlántica aínda do que desde mediada a semana. Pero aínda así estaremos en xeral, seguindo o modelo previsto a día de hoxe venres 26, entre as isóbaras dos 1016 e 1020 mb, ou sexa anticiclónicas, o que unido á compoñente norteada, pouco incidente no noso lar a nivel de precipitacións como vimos, lévanos a **predecir** que as precipitacións non pasarán de chuvascos intermitentes e dispersos. Xa se verá... **Digocho Eu!**

Boa fin a tod@s.